



Sr. Director Xeral de Desenvolvemento Rural
Consellería de Medio Rural
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa “Resolución de 19 de febrero de 2010, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental da concentración parcelaria para a zona de Congostro (Rairiz de Veiga-Ourense)” (DOG nº 53 de 18-03-2010),

EXPÓN:

1. Que as zonas de sebes e masas de árbores caducifolias excluídas do proxecto de concentración parcelaria non son suficientes para garantir a conservación das especies incluídas no *Anexo I da Directiva 79/409/CEE (Ciconia ciconia, Milvus migrans, Pernis apivorus, Caprimulgus europaeus, Lullula arborea, Lanius collurio)*.
2. Que o apartado socioeconómico do EIA non dá axeitado cumprimento ós obxectivos das concentracións parcelarias establecidos pola *Lei 12/2001 de concentración parcelaria de Galicia* pois:
 - a. Non avalía con exactitude cal é a produtividade actual, en termos económicos e agrícolas, das terras antes da concentración parcelaria.
 - b. Non establece con claridade os obxectivos demográficos (en termos de mantemento ou incremento de poboación) e de produtividade (en termos económicos e agrícolas) que se pretenden acadar coa concentración parcelaria.
 - c. Non avalía a rendibilidade socio-económica da concentración parcelaria nas parroquias da zona de Congostro.
3. Que o apartado de patrimonio cultural do EIA non delimita a vía romana XVIII e a súa zona de afección.

Por todo o cal

SOLICITA

Que o proxecto de Concentración Parcelaria para a zona de Congostro (Rairiz de Veiga-Ourense):

1. Exclúa os terreos considerados como ZEPA e/ou LIC para propiciar a conservación dos Hábitats do Anexo I da Lei estatal 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade (artigo 45), así como as áreas perimetrais destes (artigo 45.3).
2. Amplíe a delimitación das zonas de arboredo excluídas ata abranguer todas as que teñen unha densidade maior do 15% da fracción cabida cuberta.
3. Avalíe a produtividade actual, en termos económicos e agrícolas, das terras antes da concentración parcelaria e estableza con claridade os obxectivos demográficos (en termos de mantemento ou incremento de poboación) e de produtividade (en termos económicos e agrícolas) que se pretenden acadar coa concentración parcelaria.
4. Delimite a Vía Romana XVIII e a súa zona de afección.
5. Respecte a traza e a cota dos camiños antigos existentes.

En Santiago de Compostela a 22 de abril de 2010